

Ademais de esta guía xeral ponse á disposición documentos individuais por UDIs con indicacións e aclaracións máis específicas.

Propoñemos que a avaliación dos materiais e do traballo do alumnado nos distintos módulos se faga a través de rúbricas que proporcionamos en documentos independentes para poder descargarlos ou modificalos de xeito individual.

Descrición dos materiais propostos

Este proxecto consta dunha serie de recursos que permiten ao profesorado desenvolver o currículo da materia de Libre configuración Investigación e tratamento da información.

Os recursos son, principalmente, infografías, vídeos, presentacións, pequenas páxinas web e animacións interactivas e libros dixitais interactivos, entre outros. Todos estes recursos están aloxados e secuenciados nun curso Moodle que constará dun módulo de contidos xerais e comúns a todas as UDIs e 6 UDIs.

Para establecer a distribución tivemos en conta que esta



Investigación e tratamento da información

Guía didáctica

materia de Libre configuración autónoma ten unha carga horaria de tan so 1 hora semanal, o que nos da unhas **39 horas anuais**, das cales **8** estarían destinadas aos **contidos comúns, 24** para as **UDIs**, e **6** para xerar os **produtos finais**.

Estes son os diferentes proxectos que terán que levarse á aula e a través dos cales se realizarán as propostas de traballo co alumnado. As claves deste achegamento é, por un lado, utilizar un elemento artístico como xerme desde os cales desenvolver as competencias e a creación de produtos finais. E por outro lado, crear un ambiente no que tanto a vertente científica (**STEM**: ciencia, tecnoloxía, enxeñería e

matemáticas) convivan nun mesmo proxecto coas “artes liberais” arte e deseño (**A**: pintura, música, teatro, cine...) provocado a través do **STEAM**.





Obxectivos do recurso

- Facilitar o tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional.
- Conseguir que todo o alumnado desenvolva habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.
- Afianzar os hábitos de lectura, investigación e espírito crítico como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación.
- Promover o traballo interdisciplinar entre as materias que se traballen no curso escolar do alumnado
- Conseguir a adquisición de autonomía no alumno á hora de producir contidos.
- Achegar ao alumnado elementos tecnolóxicos e comunicativos novidosos tales como RA, RV, imaxes interactivas, infografía...
- Promover estratexias de traballo en equipo, con diferentes roles e asunción de riscos para a creación de produtos finais e, dado o caso, crear produtos socialmente relevantes.
- Desenvolver a comunicación a través de diferentes canais e usando texto, imaxe, audio, voz e o propio corpo.

QUE IMOS PRECISAR?

Equipamento

Uso de equipos informáticos ou dispositivos móbiles con acceso a internet

Rexistros

Rexistro en plataformas e/ou servizos web. Para iso facilitamos un modelo de autorización que se pode descargar e modificar.

Biblioteca

O contacto co equipo da biblioteca vai ser habitual xa que, ademais do uso da biblioteca de xeito continuado para os distintos proxectos, precisaremos que se facilite ao alumnado o acceso ao seguinte material específico:

📖 Película Casa Blanca

📖 Cómic Maus

📖 Cómic A Cizaña de Astérix e Obélix

📖 Película 2001 Odisea en el Espacio



Imaxe de [George Barker](#) en [Unsplash](#)

Metodoloxía

Seguindo de novo as indicacións da introdución do currículo a metodoloxía predominante será a **aprendizaxe baseada en proxectos** (PBL) e **aprendizaxe baseada en retos** (CBL).

O primeiro (**PBL**) resulta a aprendizaxe máis axeitada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as cales debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. Todas as actividades e tarefas propostas versarán sobre situacións do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado.

O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e



aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

O segundo (**CBL**), porase en acción nos proxectos finais, abordando retos que o alumnado terá que intentar acadar mediante estratexias de “preguntas guía”, resolución de problemas, ensaio-erro, creación de bosquexos intermedios e verificación do produto final.

Ademais, promoverase a aprendizaxe cooperativa, facendo fincapé na **interdependencia** xa que se busca desenvolver diferentes roles por parte do alumnado na creación de produtos dixitais.

Estas cuestións inclúen traballo individual, a interacción na aula e a toma de decisións a nivel grupal proporcionando ocasións para que o alumnado cre coñecemento de xeito conxunto.

Moitas das tarefas que se presentan están pensadas para realizar en grupo de xeito integrador e favorecendo a inclusión de distintos niveis de aprendizaxe facilitando así a atención á diversidade.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O currículo da materia extrae **58 estándares** de aprendizaxe a partir de **34 criterios de avaliación**.

Neste proxecto os **ODEs** están organizados en **UDIs** con tarefas integradas que desenvolven de xeito directo **22** deses estándares, **7** deles co valor engadido de traballar as **soft skills** das que falamos máis adiante.

O resto dos 58 estándares traballaranse de xeito indirecto nos proxectos finais e en contacto transversal coas outras materias.



Imaxe de [Kelly Sikkema](#) en Unsplash

ESTÁNDARES A TRABALLAR DE XEITO DIRECTO:

INEINB1.5.1 Identifica e respecta a utopía de textos ou imaxes.

INEINB2.5.3 Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.

INEINB2.8.1 Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, nacionalidades, publicidade, contacto, etc.

INEINB2.10.2 Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

INEINB3.1.1 Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.

INEINB3.3.1 escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.

INEINB3.3.2 Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.

INEINB3.5.1 Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

INEINB4.1.4 Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.

INEINB4.2.2 Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.

INEINB4.3.1 Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).

INEINB5.2.1 Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.

INEINB5.5.2 Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.

INEINB5.6.2 Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas da internet, autoría de imaxes, etc.

INEINB5.8.1 Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

INEINB5.9.1 Participa na presentación oral dos traballos elaborados.

INEINB5.9.2 Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.

INEINB5.9.3 escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeras, e valora con argumentos o seu traballo.

INEINB5.10.1 Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.

INEINB5.10.2 Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.

INEINB5.10.3 Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.

INEINB5.10.4 Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.

Competencias Clave

Tal e como se indica na introdución do currículo, a materia de Investigación e tratamento da información desenvolve de xeito directo as competencias en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

De xeito máis indirecto e a través da interdisciplinariedade que propoñemos axuda a desenvolver as competencias matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, as sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais.

CAA

Nos distintos procesos de investigación que se van propoñer dentro deste proxecto resulta evidente que esta competencia é indispensable. As diferentes situacións que imos propoñer leva implícita novas situacións ás que o alumnado non se enfrentou anteriormente, tendo que desenvolver estratexias de búsqueda e tratamento da información para facela propia.

CCL

Todos os procesos formativos levan implícitos comunicación, neste caso o obxectivo é abrir a comunicación dende o texto a elementos visuais, infográficos e interactivos para así aumentar o espectro de posibilidades coas que terá que traballar o alumnado no futuro.

CD

Tanto na súa vertente informacional, como de uso da tecnoloxía, esta competencia é clave para poder desenvolver este proxecto. Os aspectos fundamentais serán a búsqueda efectiva de información, a análise da mesma e a creación de produtos dixitais coas conclusións dos procesos anteriores.

CIEE

Partindo das ideas que se desenvolven ao longo do proxecto, vanse propor como proxectos finais do alumnado a creación de produtos sociais relevantes dende os cales evidéncianse a necesidade de asumir roles de emprendemento.

CMCT


Posto que se traballará de xeito totalmente transversal será moi habitual que se traballen aspectos desta competencia nos proxectos finais propostos ao alumnado, tales como cálculo de porcentaxes, elaboración de gráficas, tratamento de datos, etc como pasa na UDI “A ponte de Nova lorque”

CSC

De novo a transversalidade fará que esta competencia estea presente en todos os proxectos e tarefas xa que o alumnado deberá falar, escoitar e colaborar con outros membros da comunidade, non so educativa.

CCEC

Grazas ás propostas dos traballos finais como no caso da UDI “A Gioconda” o alumnado porase en contacto con outras culturas e profundará na propia.



DIVERSIDADE

ESTRATEGIAS DE APLICACIÓN

Dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade

O carácter práctico do proxecto e a súa modalidade en grupo a través das novas tecnoloxías facilita a atención especial a distintas concrecións en tempo e forma do proceso de aprendizaxe.

Tamén debe permitir a localización de elementos que produzan melloras no apartado da atención deste tipo de alumnado, para poder seren utilizados ao longo dos proxectos.

Altas capacidades intelectuais

O alumnado de altas capacidades esixe retos altos que implican unha maior inquiredanza e maior profundidade no coñecemento.

Por iso proporase a este alumnado como parte integrante de equipos de decisión así como de liderazgos de equipos, e serán un dos obxectivos no deseño de material complementario de ampliación.

Incorporación tardía ao sistema educativo

O alumnado de introdución tardía no sistema presenta rasgos de actuación moi conservadores, polo que a mentorización entre iguais será un apoio importante para este alumnado.

Discapacidades físicas ou sensoriais

Tratarase esta problemática aportando búsqueda de fontes de información alternativas, unha maior diversificación na oferta de produtos finais e abordando a accesibilidade no deseño dos libros dixitais que poidan ser utilizados con este alumnado.

Os materiais creados intentan cumprir coas normas básicas de accesibilidade: ligazóns, parágrafos, textos alternativos en imaxes, etc. O carácter molecular das actividades permitirá que sexan aplicadas na aula e modificalas de xeito sinxelo cando as NEE dos alumnos así o requiran. Así mesmo facilitáanse os arquivos fonte dos materiais para poder modificalos e adaptalos.

O feito de traballar en pequenos proxectos colaborativos, formados por moitas pequenas tarefas, crea o marco perfecto para integrar na dinámica da clase a todo o alumnado, e contribuír de xeito notable a desenvolver aspectos tan esenciais como a autoestima, a autonomía ou a relación entre iguais.

